

## **BASES DA CAMPAÑA DE PRIMAVERA**

A Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos, Centro Comercial Aberto (ACEBE CCA) organiza a "Campaña de Primavera" que se desenvolverá entre o 15 de abril e o 10 de maio de 2024.

Os participantes poderán consultar as presentes bases durante o período no que estea vixente na páxina web [www.comerciodebetanzos.com](http://www.comerciodebetanzos.com) e na App AcebeCCA.

A campaña consiste no sorteo a través da aplicación móbil AcebeCCA de 2.000 bolsas de tea mediante premio directo.

O obxectivo deste sorteo é premiar aos consumidores pola súa fidelidade ao comprar e consumir en Betanzos.

### **PREMIOS:**

2.000 bolsas de tea de algodón reutilizables.

### **Como Participar**

- 1- O cliente ten que descargar a aplicación móbil AcebeCCA e darse de alta como usuario.
- 2- Ao realizar unha compra o establecemento xerará un código QR a través da App AcebeCCA. O cliente escaneará este código coa súa App e automaticamente saíralle unha mensaxe que lle indica se obtivo premio directo. No caso de obter un premio directo o comercio que xerou o código QR premiado entregarállo nese momento.

### **Participantes**

- A participación nesta campaña implica a aceptación, na súa totalidade, das presentes bases.
- Só poderán participar no sorteo os maiores de 18 anos.
- Os titulares dos establecementos participantes, cónxuxes e familiares directos, así como os empregados, non poderán participar con tickets do propio establecemento, pero si cos doutros negocios.
- Non poderán participar en ningún caso os empregados de ACEBE CCA nin os membros da Xunta Directiva da Asociación.

### **Sorteo**

Cada establecemento asociado a ACEBE CCA terá 100 códigos para xerar a través do seu usuario da App, dos que 11 serán premiados cunha bolsa de tea. Os códigos xéranse aleatoriamente, de modo que o establecemento non pode saber cando

xerará un código premiado. Cada establecemento recibirá un paquete coas instrucións da campaña e 11 bolsas de tea para entregar aos premiados.

### **Fraude**

No caso de que se detectase calquera anomalía ou se sospeite de que un participante está a impedir o normal funcionamento do sorteo, este será eliminado do mesmo. Toda cuestión que puidese xurdir na interpretación ou aplicación das presentes bases será resolta pola organización do sorteo, e así mesmo reservándose o dereito para emprender accións xudiciais contra aquelas persoas que realicen un acto susceptible de ser considerado manipulación ou falsificación do sorteo.